



# A PRIMEIRA GUERRA MUNDIAL

Historia do Mundo Contemporâneo

1ºBac.

# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

Tensións e crises en Europa a comezos do s.XX (clima de enfrontamento) e inestabilidade internacional:

- Rivalidades entre as grandes potencias europeas.
- Formación dos bloques e carreira armamentística
- Enfrontamentos coloniais: crises marroquís
- As crises dos Balcáns
- O detonante: a crise de xullo de 1914



# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

## 1.1. AS RIVALIDADES ENTRE AS GRANDES POTENCIAS EUROPEAS

- **Tensiones entre Francia e Alemaña:**
  - Reivindicacións territoriais francesas sobre **Alsacia e Lorena**, que perdera tras a guerra franco-prusiana (1870).
  - Rivalidades coloniais



# 1. AS CAUSAS DA GUERRA




## 1.1. AS RIVALIDADES ENTRE AS GRANDES POTENCIAS EUROPEAS

- Disputas entre o Império russo e o Austro-húngaro polo control político e económico da zona dos Balcãs.





# 1. AS CAUSAS DA GUERRA



## 1.1. AS RIVALIDADES ENTRE AS GRANDES POTENCIAS EUROPEAS

- Rivalidades económicas polo impulso das relacións comerciais e financeiras (sobre todo do Reino Unido e Alemaña): “batallas económicas” por novos mercados.
- **Alemaña** necesita un imperio colonial para colocar as súas manufacturas (para manter e impulsar o seu desenvolvemento industrial).
- **Reino Unido** ve ameazado o seu imperio colonial e hexemonía comercial por Alemaña, sobre todo pola política naval xermana (poderosa mariña de guerra equiparable á británica). Por isto, Reino Unido abandona o illamento e busca a alianza con Francia.

# 1. AS CAUSAS DA GUERRA



## 1.2. A FORMACIÓN DOS BLOQUES E A CARREIRA DE ARMAMENTOS

Formación dos bloques a partir de 1907:

- **Tripla Alianza: Alemaña, Austria-Hungría e Italia.** Creada por Bismarck en 1882, con carácter defensivo:
  - Hexemonía de Alemaña en Europa
  - Illar diplomaticamente a Francia
  - Asegurar a fronteira sur de Austria-Hungría no caso de conflito con Rusia polos Balcáns
  - Protexer a Italia ante un posible ataque francés

**Weltpolitik** a partir de 1890 con Guillerme II, tras a dimisión de Bismarck: nacionalismo expansionista, militarismo e poderosa flota de guerra (2ª flota do mundo en 1913).

# 1. AS CAUSAS DA GUERRA






# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

## 1.2. A FORMACIÓN DOS BLOQUES E A CARREIRA DE ARMAMENTOS

- **Tripla Entente: Francia, Reino Unido e Rusia.**  
Serie de acordos desde 1907:
  - **Pacto militar Francia-Rusia (1893)**: mobilización de tropas en caso de ser atacadas pola Tripla Alianza.
  - **Entente Cordiale (1904) entre Reino Unido e Francia**: Francia renuncia a Exipto e Reino Unido apoia un protectorado francés sobre Marrocos.
  - Alianza entre Rusia, Reino Unido e Francia en **1907: Tripla Entente**.



# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

- O sistema de alianzas non implicaba un paso cara a guerra. Pero en lugar de ser un elemento disuasorio, foi cada vez máis incontrolable a medida que se desestabilizaba a situación internacional.



# 1. AS CAUSAS DA GUERRA



- A carreira armamentística:

- Entre 1890 e 1914 todas as **potencias europeas dobraron** os seus efectivos militares de terra e mar, excepto Reino Unido.
- **Servizo militar obrigatorio**
- **Mellora da tecnoloxía armamentística** (aplicación militar dos avances da II Rev. Industrial)
- Etapa da **PAZ ARMADA**





# 1. AS CAUSAS DA GUERRA



# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

- Entre 1912 e 1914 as posturas militares das potencias europeas endurecéense:
  - Alemaña: vota novas leis militares (incorpora o seu exército en 820.000 soldados), prolonga o servizo militar e aumenta os gastos de guerra.
  - Francia: nova lei militar (1913) co que aumenta o exército en 750.000 soldados e establece o servizo militar de 3 anos.
  - Rusia aumenta os seus efectivos en 1913 con 1.200.000 soldados.

# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

- **A opinión pública:** os gobernos e Estados Maiores insistiron no perigo inminente de guerra para xustificar as súas políticas militaristas ante a poboación.
- **Os sectores nacionalistas** inician na prensa unha campaña de propaganda de exaltación bélica, tratando de ganar partidarios ao enfrontamento bélico
- Sen embargo, non existiu unha ampla corrente favorable á guerra, aínda que sí influíron as mensaxes contra o “**perigo inimigo**” e **entusiasmo patriótico**.
- As principais voces alzadas contra a guerra viñan dos **socialistas** e a **II Internacional** (Manifesto de Zimmerwald, 1915: dura alegación contra a guerra, postura antibelicista).





# 1. AS CAUSAS DA GUERRA



El proletariado socialista ha luchado durante largos años contra el militarismo.

Pero los partidos socialistas y las organizaciones obreras de algunos países, pese a haber contribuido a la elaboración de estas decisiones, se han desentendido, desde el comienzo de la guerra, de las obligaciones que aquellas implicaban.

¡Proletarios!

Desde el desencadenamiento de la guerra habéis puesto todas vuestras fuerzas, todo vuestro valor y vuestra resistencia al servicio de las clases poseedoras para mataros los unos a los otros. Es necesario que hoy volváis al campo de la lucha de clases y actuéis por vuestra propia causa, por el sagrado objetivo del socialismo, por la emancipación de los pueblos oprimidos y de las clases sometidas.”

Manifiesto de Zimmerwald. 7 de septiembre de 1915,  
redactado por Trotsky



# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

## 1.3. OS ENFRONTAMENTOS COLONIAIS: AS CRISES MARROQUÍS

- Enfrontamentos imperialistas no Norte de África (**Marrocos**): Alemanha insatisfeita pola repartición de África na Conferencia de Berlín (1884-1885)





# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

## 1.3. OS ENFRONTAMENTOS COLONIAIS: AS CRISES MARROQUÍ

- **Primeira crise marroquí (1905):**
  - Acordo entre Francia e Reino Unido: reparto de Marrocos entre España e Francia.
  - Alemaña négase (perxudica os seus intereses no Norte de África), quere manter a independencia de Marrocos.
  - **Desembarco de Guillerme II en Tánxer** como apoio ao sultán marroquí: grave crise internacional.

# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

## 1.3. OS ENFRONTAMENTOS COLONIAIS: AS CRISES MARROQUÍ

- Primeira crise marroquí (1905)



# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

## 1.3. OS ENFRONTAMENTOS COLONIAIS: AS CRISES MARROQUÍ

- **Primeira crise marroquí (1905)**
  - Conferencia de Alxeciras (1906) para evitar a guerra. Recoñécese a independendia de Marrocos en teoría, pero baixo protectorado franco-español.
  - Resultado da crise favorable a Francia (fortalecida pola súa alianza co Reino Unido, a Entente Cordiale de 1904).





# 1. AS CAUSAS DA GUERRA



## 1.3. OS ENFRONTAMENTOS COLONIAIS: AS CRISES MARROQUÍIS

- **A crise de Agadir (1911):**
  - Sultán de Marrocos asediado por tropas rebeldes de Fez.
  - Intervención das tropas francesas en Fez en axuda do sultán.
  - Alemaña considera a intervención francesa como unha violación do Tratado de Alxeciras, e envía o seu acoirazado *Panther* ao porto de Agadir (protección dos colonos alemáns).
  - Intención de Alemaña: forzar unha nova negociación con Francia, para que lle cedera o Congo a cambio da liberdade de acción en Marrocos.



# 1. AS CAUSAS DA GUERRA



## 1.4 AS CRISES DOS BALCÁNS

- Cuestión de Oriente desde mediados do XIX: nos Balcáns, zona ocupada polo debilitado Imperio turco.
- Distintos pobos rebélanse e conseguen a súa independencia (Serbia, Grecia, Romanía, Bulgaria).
- Ambicións dos Imperios austrohúngaro e ruso:
  - **Austria-Hungría** quere intervir contra o nacionalismo eslavo (ameaza o seu territorio)
  - **Rusia** quere afianzar a súa influencia sobre os pobos eslavos (aliada de Serbia).



## 1.4 AS CRISES DOS Balcãs

# 1. AS CAUSAS DA GUERRA



# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

## 1.4 AS CRISES DOS BALCÁNS

- Tres crises nos Balcáns entre 1908 e 1913.
- Primeira crise: 1908:
  - O Imperio autrohúngaro anexiona Bosnia-Herzegovina.
  - Protesta de Serbia: pretende unir aos pobos eslavos do Sur.
  - Reino Unido e Francia mantéñense á marxe, Imperio Ruso debilitado: Serbia cede.



# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

## 1.4 AS CRISES DOS BALCÁNS

### • Segunda crise: 1912:

- Formação da **Liga Balcánica**: estados balcánicos (Serbia, Montenegro, Bulgaria e Grecia) apoiados por Rusia.
- Obxectivo da Liga: repartir os territorios balcánicos do Imperio Turco.
- **A Liga derrota a Turquía**: independéncia de Albania e do resto de territorios.





# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

## 1.4 AS CRISES DOS BALCÁNS

### • Terceira crise: 1913:

- Guerra entre Bulgaria e Serbia polo reparto de territorios.
- Serbia apoiada polo resto de estados balcánicos.
- Derrota de Bulgaria: nova reordenación do territorio.
- Resultados:


Serbia amplía as súas fronteiras.

Rusia aumenta a súa influencia nos Balcáns.

Austria e Alemaña ven reducido o seu papel na zona



# 1. AS CAUSAS DA GUERRA



LA SITUACIÓN DE LOS BALKANES EN 1914

- Imperio austro-húngaro
- Rumania
- Serbia
- Bulgaria
- Montenegro
- Italia
- Grecia
- Imperio otomano
- Imperio otomano en 1911
- países territoriales búlgaros tras la Segunda guerra balcánica
- creación del Estado albanés

FUENTE: [www.atlas-historique.com](http://www.atlas-historique.com)

# 1. AS CAUSAS DA GUERRA



## 1.5 A MARCHA CARA Á GUERRA: A CRISE DE XULLO DE 1914

- Situación extremadamente delicada tras as crises dos Balcáns.
- **Asasinato do herdeiro do Imperio Austrohúngaro, o arquiduque Francisco Fernando, e a súa esposa, en Saraievo (Bosnia), o 28 de xuño de 1914.**
- **Asasino: Gavrilo Princip, estudante nacionalista bosnio pertencente a unha sociedade secreta serbia: a “Man Negra”, que aspiraba a unir a todos os pobos eslavos do sur.**



# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

## 1.5 A MARCHA CARA Á GUERRA: A CRISE DE XULLO DE 1914

- Atentado de Saraievo = pretexto de Austria para esmagar o nacionalismo serbio.
- O 23 de xullo o goberno autrohúngaro envía un ultimato a Serbia (con consentimento alemán) con duras esixencias, que Serbia non podía aceptar sen perder a súa soberanía. Aínda así, aceptounas todas menos unha.
- Austria considerou a resposta de Serbia insatisfactoria.

**BRUTAL TENOR OF AUSTRO-HUNGARIAN NOTE TO SERBIA MAKES ITS ACCEPTANCE IMPOSSIBLE.**

Opinion in European Capitals Is That Ultimatum is Present from Cannot Be Complied With.

**WAR FEARED INEVITABLE.**

Italy Determined to Permit No Increase of Austro-Hungarian Territory—Germany Not Consulted.

Austria-Hungary's Ultimatum to Serbia, the terms of which have now been communicated to the Powers, has fallen like a bombshell upon Europe.

Special dispatches from Vienna correspondents published before indicate that the ultimatum, in its present approximately final form, cannot possibly be accepted by Serbia.

In official circles in Italy, the opinion is expressed that the terms of the note make an Austro-Serbian war almost inevitable. It is added that Italy will permit no increase of territory by Austria-Hungary on the result of such a war.

The Herald's Berlin correspondent telegraphs that, although Germany supported her ally diplomatically, she was not consulted concerning the terms of the note. As Austria-Hungary acted on her own initiative, the dispatches in Germany is to allow her to go ahead alone.

**OFFICIAL ITALY FEARS POSSIBILITY OF WAR.**

Situation Being Anxiously Watched in Government Circles.

Rome, Friday.—The tension between Austria-Hungary and Serbia is being watched anxiously by official circles here.

I have reason to believe that if the Dual Monarchy does not withdraw ultimatum from Belgrade, war is inevitable. Austria-Hungary will not withdraw a third time for nothing; she has met with too many diplomatic setbacks in the Balkans.

**EMPEROR FRANCIS JOSEPH IN HIS STUDY.**



**COMMANDING FIGURES IN THE AUSTRO-SERBIAN CRISIS.**



**M. FROCHOT, SERBIAN PRIME MINISTER.**



was entertained that such a forcible ultimatum would be the result.

Consequently, there is much surprise at the Wilhelmstrasse, which is reflected in a very tart and satirical article in the conservative "Post," which, among other things, says: "Austria has threatened that she will not withdraw her ultimatum which Serbia cannot possibly accept."

It also publishes in heavy black type the following announcement: "The Austrian note, presented in Vienna, was read in Belgrade without the advice of Serbia being asked or without consulting the Emperor."

**AMERICAN MARINES ARE AT HAITI'S DOOR.**

The Frigate, With Force of 800 Men, Rescues Port-au-Prince and Steams for Cap-Haitien.

**WILL INVESTIGATE SITUATION.**

If United States Leads Troops, Germany May Complicate Matters by Doing Likewise.

THE COMMERCIAL CABLE TO THE HERALD: New York, Friday.—Mr. A. H. Williams, of Port-au-Prince, writes: "The Frigate, reported to have 800 marines aboard, arrived this morning and steamed this afternoon for Cap-Haitien with Mr. Marchand Fardache, the head of the railways, to investigate the situation."

It is feared, if marines are landed, Germany will lead a force after the Americans, complicating the situation. Haiti will try to obtain another loan to meet the interest on the 100,000 railway debt, due in August.

**REBEL FORCE BEATEN, AKE RETIRING FROM CAP HAITIEN.**

Attention Is to Make Another Stand at Tron.

THE COMMERCIAL CABLE TO THE HERALD: New York, Friday.—The Herald's Cap-Haitien correspondent writes that after two days' fighting the forces of the Government have succeeded in dislodging the rebels from the suburbs of Cap-Haitien.

The total casualties are estimated at 800 men killed and wounded.

The rebels are retreating through the woods toward Tron, where they intend to make another stand.

**MEXICAN ARMISTICE IS STILL UNDESIGNED.**

Five Thousand Sacks of European and United States Goods.

caused a great reaction here. A Cabinet meeting was held at two o'clock this afternoon to examine the situation.

It is officially announced that Russia and France take the initiative of concerted negotiations to prevent a conflict between Austria-Hungary and Serbia.

# 1. AS CAUSAS DA GUERRA

## 1.5 A MARCHA CARA Á GUERRA: A CRISE DE XULLO DE 1914

- O intento de mediación do Reino Unido é rexeitado.
- O 28 de xullo **Austria decláralle a guerra a Serbia, e entra en xogo o sistema de alianzas:**
  - Rusia mobiliza ás súas tropas o 30 de xullo.
  - Alemaña e Francia deciden apoiar aos seus aliados (Austria e Rusia, respectivamente).
  - As tropas alemás penetran en Bélxica (país neutral), e o Reino Unido decide intervir (4 de agosto).
  - Italia (aliada de Austria-Hungría e Alemaña) mantense neutral.



Weather Forecast: Cloudy Tonight and Wednesday

# The Washington Times

HOME EDITION

WASHINGTON, THURSDAY EVENING, JULY 24, 1914. PRICE ONE CENT.

## AUSTRIA HAS CHOSEN WAR

TYPICAL SERBIAN SOLDIERS AND THEIR ANTIQUATED EQUIPMENT



MEDIATION REJECTED, EXCEPT TO PREVENT SPREAD OF CONFLICT

Occupation of Belgrade Unjustified

PassosDe



WAR EXTRA! **The Evening World** WAR EXTRA!

PRICE ONE CENT. NEW YORK, SATURDAY, AUGUST 1, 1914. 10 PAGES. PRICE ONE CENT.

# GERMANY DECLARES WAR; ALL EUROPE IS IN ARMS

ST. PETERSBURG, Aug. 1—The German Ambassador, in the name of his Government, sent to the Russian Minister of Foreign Affairs at 7.30 o'clock a declaration of war.

The announcement is made by the St. Petersburg telegraph agency, which is considered the official news agency of Russia.

### RATE DECISION PROVES PARTIAL VICTORY FOR 52 EASTERN RAILROADS

Flat Horizontal Increase Is Refused, But 5 Per Cent Granted in Some Cases.

WILL ADD TO INCOMES.

Bankers Confer to Keep American Gold at Home

### ATLANTIC LINERS PARALYZED IN RUSH FOR PASSAGE

English Liners Refuse to Take Any Passengers for Continental Europe.

The partial paralysis of transatlantic shipping is causing acute distress and business dismay to thousands of Americans on the Continent and in England. Their difficulties are made worse by their inability to cash drafts and checks or to use any money secured...

### BASEBALL

NATIONAL LEAGUE AT PHILADELPHIA. CHICAGO—1 0 0 0 2 0 0 1—4 PHILADELPHIA—6 0 0 0 2 0 2 0—10

Batteries—Pierce, Humphreys and Archer; Meyer and Kilger; Longpre and Higley.

ST. LOUIS—AT BOSTON. 1 0 0 0 0 0 0 0—3 BOSTON—0 0 0 0 0 0 0 0—0

Batteries—Perritt and O'Connor; James and Gowdy; Unsworth—Shaw and Quigley.

AMERICAN LEAGUE AT DETROIT. WASHINGTON—

### ITALY BREAKS THE TRIPLE ALLIANCE; FRANCE CALLS OUT HER WAR ARMY

7,474,000 ANSWER FIRST CALL; 7 WARRING NATIONS CAN PUT 32,541,000 MEN IN THE FIELD

RUSSIA has ordered a complete mobilization of her army in European Russia.

GERMANY has ordered a complete mobilization of her regular, naval and military.

FRANCE has called to the colors every available reserve.

AUSTRIA already has her complete strength in the field.

SERBIA has called out every able-bodied man into the army.

ENGLAND has practically cut off communication with the rest of Europe.

England Gives Formal Notice That She Will Side With France and Russia and Back Up Her Agreements to the Full Extent of Her Power and Resources.

PARIS, Aug. 1.—A crucial stage in the war situation was reached to-night when the British Ambassador called at the Elisee Palace and declared...



## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)



- Os países que iniciaron a I Guerra Mundial pensaron que o conflito sería curto e localizado.
- Sen embargo:
  - A guerra caracterizouse pola súa longa duración (4 anos).
  - O ámbito xeográfico implicou a todo o continente (e incluso zonas non europeas).
  - Outra característica: novas tácticas e técnicas bélicas.

[Sin novedad en el frente, 1930](#)



## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.1 FORZAS ENFRONTADAS E ESCENARIOS DO CONFLITO

- Estala a Gran Guerra en agosto de 1914
- Enfronta aos Imperios Centrais (Alemaña e Austria-Hungría) e á Tripla Entente (Francia, Rusia e Reino Unido)
- [Mapa da guerra](#)

## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.1 FORZAS ENFRONTADAS E ESCENARIOS DO CONFLITO

- Forzas militares dos bloques: relativo equilibrio
  - Clara superioridade numérica da Entente.
  - Posición estratéxica de Alemaña e Austria-Hungría no centro de Europa: favorece o movemento de tropas.
  - Entente: fragmentada en dúas fronteas sen comunicación terrestre posible.
  - Exército alemán superior ao francés en artillería pesada e vehículos móbiles

## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)





## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.1 FORZAS ENFRONTADAS E ESCENARIOS DO CONFLITO

- Forzas navais: países da Entente dominantes (sobre todo Reino Unido) Alemaña utiliza a **guerra submarina** para contrarrestar a superioridade naval inglesa e francesa.



## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)



### 2.1 FORZAS ENFRONTADAS E ESCENARIOS DO CONFLITO



- Os dous bloques buscan ao longo da guerra **novos aliados**: mundialización do conflito.
- Participan 14 países europeos coas súas respectivas colonias (nos 5 continentes), con Xapón e EEUU.
- Primeira vez que unha guerra afecta a un territorio tan amplo, o cal inflúe na prolongación do conflito.

## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.2 CARACTERÍSTICAS DA GUERRA

- Primeira “guerra total”: concéntranse todos os recursos económicos, humanos e técnicos dos países contendentes.
  - Mobilízanse case **70 millóns de soldados**.
  - Avances técnicos e industriais ao servizo da fabricación dun **armamento moderno e mortífero** (artillaría, ametralladoras, navíos acoirazados, submarinos, gases tóxicos, carros de combate, aviación...).
  - [A arte da guerra](#)

## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)





## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.2 CARACTERÍSTICAS DA GUERRA

ECONOMÍA DE GUERRA en todos os países belixerantes, dirixida polos estados:

- **Industria de guerra:** armas e munición para os exércitos
- **Poboación civil:** racionamento e penuria.
- Mobilización masiva de soldados → **Mulleres** nas industrias e sectores tradicionalmente masculinos.



## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)







## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.2 CARACTERÍSTICAS DA GUERRA


- Ningún Estado estaba economicamente preparado para unha guerra total de tan longa duración (elevados gastos militares).
- Para obter recursos:
  - Emisión de débeda pública
  - Préstamos do exterior: no caso dos aliados, de EEUU.



## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.2 CARACTERÍSTICAS DA GUERRA

- Propaganda
  - No interior dos países: patriotismo e espírito de resistencia
  - No exterior: minar a moral do inimigo, debilitar a resistencia





## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)



## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)



### 2.3 AS FASES DA GUERRA

#### 1. A guerra de movementos: o fracaso do plan alemán (agosto-décembro 1914)

- **Alemaña:** Plan Schlieffen desde 1905: triunfo rápido na fronte occidental (derrotar ao exército francés nas primeiras semanas de guerra), e centrar despois o esforzo na fronte rusa.




## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)


### 2.3 AS FASES DA GUERRA

#### 1. A guerra de movementos: o fracaso do plan alemán (agosto-décembro 1914)

- Os alemáns penetran en Francia nun primeiro momento, pero os aliados conteñen o seu avance mediante unha contraofensiva na **batalla do Marne** (setembro 1914).
- Fracaso do plan alemán dun avance rápido e unha guerra curta.
- Estabilización da fronte occidental e prolongación da guerra









# 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

## 2.3 AS FASES DA GUERRA

### 1. A guerra de movementos: o fracaso do plan alemán (agosto-diciembre 1914)

#### • Fronte oriental:

- A finais de agosto 1914, tropas rusas invaden Prusia Oriental → retirada alemá.
- Contraofensiva alemá: victoria sobre os rusos en Tannenberg. Estabilización da fronte.

### Guerra de movementos







## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.3 AS FASES DA GUERRA

#### 2. Da guerra de posicións á guerra de desgaste (1915-1916)

- **Guerra de posicións ou de trincheiras** a partir de 1915. Frontes estabilizadas, posicións fixadas. Guerra longa e de desgaste.
- Barreiras de aramados (impedir o avance do inimigo), protección en gabias escavadas, as trincheiras, nas que os soldados vivían apiñados entre ratas, frío intenso, humidade e fango.

[1917](#)

[Trincheiras](#)

[Vídeo Guerra de posicións](#)







## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.3 AS FASES DA GUERRA

#### 2. Da guerra de posicións á guerra de desgaste (1915-1916)

- Nesta etapa entran en guerra:
  - Imperio Turco (finais 1914) e Bulgaria (1915) a favor dos Imperios Centrais.
  - Italia (1915), Romanía (1916) e Grecia (1917) cos aliados.
- Así, ábreanse novas fronteiras secundarias: fronteira austro-italiana e a do Oriente Próximo.

# EUROPA EN 1914





## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)



### 2.3 AS FASES DA GUERRA

#### 2. Da guerra de posicións á guerra de desgaste (1915-1916)

- Estabilización das fronteas: necesidade de novas tácticas. **Intentar abrir brechas ou debilitar a forza do adversario.**
- Ondas de soldados intentan asaltar as trincheiras contrarias atravesando a “terra de ninguén”, varridas pola artillería e ametralladoras do inimigo.
- Para atacar aos soldados nas trincheiras: granadas de man, gases tóxicos e lanzachamas. Tanques para atravesar os aramados.
- Estratexias sen éxito.





[Senderos de Gloria \(Stanley Kubrick, 1957\)](#)



## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.3 AS FASES DA GUERRA

#### 2. Da guerra de posicións á guerra de desgaste (1915-1916)

- 1915, intentos de romper o equilibrio:
  - Fronte occidental: 1.500.000 baixas do exército francés.
  - Fronte oriental: os alemáns fan retroceder aos rusos case 100 km., ocupan Polonia e Galitzia e causan 830.000 mortos ou feridos, e 900.000 prisioneiros.





# 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

## 2.3 AS FASES DA GUERRA

### 2. Da guerra de posicións á guerra de desgaste (1915-1916)

- 1916 = guerra de desgaste. Protagonismo da fronte occidental.
- **Nova táctica:** debilitar ao máximo ao inimigo para obrigalo a asinar a paz.
  - Batalla de Verdún: planeada por Alemaña, gran fracaso. Máis de 500.000 mortos por ambas partes, igual número de perdas, exemplo de crueldade e violencia sen precedentes.
  - Batalla do Somme: ataque similar dos aliados. Maior número de baixas, ninguén logra a victoria.


### EL CAMPO DE BATALLA EN LA PRIMERA GUERRA MUNDIAL




### El centenario de las batallas de Somme y de Verdún



### Cómo era una guerra de trincheras




# 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)



## 2.3 AS FASES DA GUERRA

### 2. Da guerra de posicións á guerra de desgaste (1915-1916)

- 1916 = guerra de desgaste.
- **Na fronte oriental:** descomposición do exército ruso e o réxime tsarista.
- **No mar: batalla de Xutlandia** entre as flotas británica e alemá. Victoria británica. Por iso, Alemaña intensifica a guerra **submariña** (afundían barcos aliados os dos que comerciaban con eles).





## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.3 AS FASES DA GUERRA

#### 3. Da crise de 1917 ao final da guerra

Dous feitos cambian en 1917 o rumbo da guerra:

- Intervención de EEUU
- Revolución en Rusia: toma do poder polos bolxeviques.

[Vídeo: Crise de 1917](#)

## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)



### 2.3 AS FASES DA GUERRA

#### 3. Da crise de 1917 ao final da guerra

- **Guerra submarina de Alemaña:** perxudica aos exportadores estadounidenses e ao prestixio nacional.
- **Afundimento do *Lusitania*:** o 2 de abril de 1917 o presidente **Wilson (EEUU)** anuncia ao Congreso a súa intención de intervir.
- Gran vantaxe para os aliados, no momento en que empezaba a descompoñerse o exército ruso.



## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.3 AS FASES DA GUERRA

#### 3. Da crise de 1917 ao final da guerra

- En **Rusia** os bolxeviques, partidarios dunha paz por separado, toman o poder en outubro de 1917.
- Asinan un **armisticio con Alemaña** (decembro 1917), previo ao **tratado de paz de Brest-Litovsk** (marzo 1918).
- Fin da guerra na fronte oriental.





## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.3 AS FASES DA GUERRA

#### 3. Da crise de 1917 ao final da guerra

- Firma da paz con Rusia: as tropas alemás trasládanse do leste á fronte occidental, varias ofensivas (superioridade numérica).
- Chegada masiva de efectivos e tropas de EEUU: contraataque dos aliados con numerosos carros de combate (protección da infantería).
- Repregue das tropas alemás.







## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.3 AS FASES DA GUERRA

#### 3. Da crise de 1917 ao final da guerra

- Outras frentes: **os aliados derrotan aos búlgaros, turcos e austrohúngaros: armistícios** entre o 26 de setembro e 3 de novembro.
- O exército alemán espállase: derrotas na fronte e problemas sociais e económicos na retagarda (continuas protestas entre a poboación civil, sobre todo os proletarios industriais)







## 2. A GRAN GUERRA (1914-1918)

### 2.3 AS FASES DA GUERRA

#### 3. Da crise de 1917 ao final da guerra

- O alto mando militar alemán recoméndalle ao káiser Guillerme II que asine un armisticio.
- Négase: abdica o 9 de novembro, día de proclamación da República.
- Novo goberno dirixido polos socialdemócratas: asina o armisticio o 11 de novembro de 1918. Fin da guerra.

O desenlace: 1918



EXTRA The Chicago Daily Tribune. FINAL EDITION

# GREAT WAR ENDS

Washington, D. C., Nov. 11, 3 A. M. (By Associated Press.)—Armistice terms have been signed by Germany, the State department announced at 2:45 o'clock this morning.

The world war will end this morning at 6 o'clock, Washington time, 11 o'clock Paris time. The armistice was signed by the German representatives at midnight.

The world war will end this morning at 6 o'clock, Washington time, 11 o'clock Paris time. The armistice was signed by the German representatives at midnight.

**USE WIRELESS TO GIVE WORD TO SIGN TRUCE**

**OUTLINE OF THE TERMS**

Washington, D. C., Nov. 11. (By the Associated Press.) The terms of the armistice, it was announced, will not be made public until later. Military men here, however, regard it as certain that they include:

Immediate cessation of the German offensive operations in France, Belgium, and Alsace-Lorraine. Evacuation and demobilization of the German army.

Discontinuation by the allied and American forces of such offensive operations in Germany as will render impossible a resumption of hostilities.

Delivery of most of the German high seas fleet and a certain number of submarines to the allied and American naval forces.

Disarmament of all other of German warships under construction and of all German merchant vessels.

**REPUBLIC SET UP IN BERLIN BY SOCIALISTS**

**Kaiser Flees With Staff to Holland**

**RED FLAG FLIES OVER ALL BIG GERMAN CITIES**

**KEEP MORE COFFEE AND SUGAR**

Regular Edition! 3:45 p. m. Third Edition!

## THE BRAINERD DAILY DISPATCH

# ARMISTICE IS SIGNED GERMANY SURRENDERS

Washington, Nov. 11, 2:30 a. m.— Government at Washington officially announced the signing of the armistice by Germany, which occurred at 5:00 a. m. Paris time. Hostilities ceased at 11 a. m. News from Washington reached in St. Paul 20 seconds after announcement was made.

**President Reads Armistice Terms**

**"America Gains All She Fought For."**

**PRES. CANCELS OUTSTANDING DRAFT CALLS**

**Kaiser Bill Flees to Holland**

**All Draft Calls are Cancelled**

**Big Parade at Brainerd**

F. MOORE DE L'ARMISTICE.

Le texte de l'armistice est lue à 20 jours après l'entrée de la préliminaire.

Le texte de cette durée, l'armistice peut, si les clauses ne sont pas exécutées être dénoncé par l'une des parties contractantes qui devra, au cas de la priorité de l'armistice à l'œuvre. Il est entendu que l'armistice des articles III et XVII se trouve lié à l'armistice pour l'armistice d'armistice dans les délais voulus que dans le cas d'une exécution non intentionnelle.

Pour assurer dans les meilleures conditions l'exécution de la présente Convention, le principe d'une Commission d'Armistice Internationale Permanente est admis. Cette Commission fonctionnera sous la haute autorité de son président en Chef d'Etat et de son Chef d'Armée Armée.

Le présent Armistice a été signé le 11 Novembre 1918 à 5 heures (vingt heures) de l'après-midi.

*L. Foch*  
*Robert Schuman*  
*W. Wilson*

*W. Wilson*  
*A. Oberdorff*  
*W. Wilson*  
*Vauselton*



# 3. OS TRATADOS DE PAZ E O NOVO MAPA DE EUROPA

## 3.1 A CONFERENCIA DE PAZ DE PARÍS

- **Xaneiro de 1918** (11 meses antes do remate da guerra): 14 puntos de Wilson (Congreso de EEUU) para unha paz xusta e duradeira.
- **Obxectivos:**
  - Supresión da diplomacia secreta (desencadeante da guerra)
  - Liberdade de navegación e comercio internacional
  - Reducción de armamentos
  - Desmembración dos vellos imperios, e recoñecemento do dereito á independencia das minorías étnicas e lingüísticas que os conformaban
  - **Creación dunha Sociedade de Nacións:** igualdade entre Estados, arbitraje das relacións internacionais, garantía da seguridade das nacións e a súa integridade territorial, impedir novas guerras.



# 3. OS TRATADOS DE PAZ E O NOVO MAPA DE EUROPA

1. Prohibición de la diplomacia secreta en el futuro.
2. Absoluta libertad de navegación en la paz y en la guerra fuera de las aguas jurisdiccionales.
3. Desaparición de las barreras económicas.
4. Garantía de la reducción de los armamentos nacionales.
5. Reajuste, absolutamente imparcial, de las reclamaciones coloniales (...).
6. Evacuación de todo el territorio ruso, dándose a Rusia la oportunidad para su desarrollo.
7. Restauración de Bélgica en su completa y libre soberanía.
8. Liberación de todo el territorio francés y reparación de los perjuicios causados por Prusia en 1871.
9. Reajuste de las fronteras italianas de acuerdo con el principio de nacionalidad.
10. Desarrollo autónomo de los pueblos de Austria- Hungría.
11. Evacuación de Rumania, Serbia y Montenegro, concesión de un acceso al mar a Serbia y arreglo de las relaciones entre los Estados balcánicos de acuerdo con sus sentimientos y el principio de la nacionalidad.
12. Seguridad de desarrollo autónomo de las nacionalidades no turcas del Imperio Otomano.
13. Polonia, Estado independiente, con acceso al mar.
14. Asociación general de naciones, a constituir mediante pactos específicos con el propósito de garantizar mutuamente la independencia política y la integración territorial, tanto de los Estados grandes como e los pequeños.

**La propuesta del presidente Wilson. 1918.**

# 3. OS TRATADOS DE PAZ E O NOVO MAPA DE EUROPA



## 3.1 A CONFERENCIA DE PAZ DE PARÍS

- Os aliados europeos non respectan os puntos de Wilson: máis preocupados por defender os seus propios intereses que por unha paz xusta.
- **Francia:** a máis perxudicada pola destrución bélica, esixe que Alemaña debe pagar as reparacións de guerra, e ser desmembrada.
- Inglaterra e EEUU opóñense ás pretensións de Francia (posición máis conciliadora).




# 3. OS TRATADOS DE PAZ E O NOVO MAPA DE EUROPA



## 3.1 A CONFERENCIA DE PAZ DE PARÍS

- Na Conferencia de Paz de París (1919-1920) elabóranse os 5 tratados coas condicións da paz e as novas fronteiras entre os vencedores e os vencidos.
- Os países vencidos non foron escoitados, só foron chamados para asinar os tratados impostos polo **Consello dos Catro** (dirixentes das catro potencias vencedoras):
  - Clemenceau (Francia)
  - Lloyd George (Reino Unido)
  - Wilson (EEUU)
  - Orlando (Italia)






# 3. OS TRATADOS DE PAZ E O NOVO MAPA DE EUROPA

## 3.2 UNHA PAZ IMPOSTA POLOS VENCEDORES

- O máis importante dos tratados: TRATADO DE VERSALLES, que regulou a paz con Alemaña.
- Tratado moi duro, considerado polos alemáns como un *diktat*.



# 3. OS TRATADOS DE PAZ E O NOVO MAPA DE EUROPA

## 3.2 UNHA PAZ IMPOSTA POLOS VENCEDORES


Condições do Tratado de Versalles (28 xuño 1919):

- **Recortes territoriais:**
  - Alsacia e Lorena para Francia
  - Posnania a Polonia
  - “Corredor polaco”: a “cidade libre” de Danzig separaba Prusia Oriental do resto de Alemaña.
  - **Colonias alemás:** pasan a ser mandatos da Sociedade de Nacións.





### 3. OS TRATADOS DE PAZ E O NOVO MAPA DE EUROPA






# 3. OS TRATADOS DE PAZ E O NOVO MAPA DE EUROPA

## 3.2 UNHA PAZ IMPOSTA POLOS VENCEDORES

Condições do Tratado de Versalles (28 xuño 1919):

- Alemaña considerada **responsable** do desencadeamento da guerra, como consecuencia: **pagamento de fortes reparacións de guerra** (compensar a destrución causada aos vencedores) entre 1921 e 1925.
- Entrega da súa frota mercante e locomotoras
- Cesión a Francia da explotación das minas de carbón do Sarre por 15 anos.



# 3. OS TRATADOS DE PAZ E O NOVO MAPA DE EUROPA

## 3.2 UNHA PAZ IMPOSTA POLOS VENCEDORES

**Condições do Tratado de Versalles (28 xuño 1919):**

- Obriga de suprimir o servizo militar obrigatorio e limitar o seu exército a 100.000 homes.
- Ocupación da beira esquerda do Rin polos aliados durante 15 anos, despois: desmilitarización.
- Prohibición da unión de Alemaña con Austria

# 3. OS TRATADOS DE PAZ E O NOVO MAPA DE EUROPA

## 3.2 UNHA PAZ IMPOSTA POLOS VENCEDORES

- **Outros tratados** establecen a nova organización das fronteiras e estados europeos:
  - Saint-Germain con Austria (1919)
  - Neuilly con Bulgaria (1919)
  - Trianon con Hungría (1920)
  - Sèvres con Turquía (1920)
- **Desmembramento dos imperios austrohúngaro e turco.**
- Cordón sanitario en torno a Rusia para impedir a expansión da revolución bolxevique: **creación de estados** nos territorios que Rusia perdera no Tratado de Brest-Litovsk:
  - Polonia
  - Finlandia
  - Estonia
  - Letonia
  - Lituania





# 3. OS TRATADOS DE PAZ E O NOVO MAPA DE EUROPA

## 3.3 AS REPERCUSIÓNS POLÍTICAS DOS TRATADOS

- **Desaparecen os grandes imperios de antes de 1914:**
  - Imperio ruso: desaparece coa revolución de outubro 1917
  - No antigo Imperio Alemán (II Reich) e no Austrohúngaro proclamáronse repúblicas independentes
  - Estendéronse as constitucións democráticas aos territorios antes dominados por imperios autoritarios
  - Desaparece o Imperio turco: os seus territorios dan lugar a outros países ou pasan a estar baixo dominio de outros.
- **Consitúense novos estados de acordo co principio wilsoniano de respecto ás nacionalidades:** Finlandia, Letonia, Lituania, Estonia, Polonia, Checoslovaquia, Iugoslavia e Hungría

### 3. OS TRATADOS DE PAZ E O NOVO MAPA DE EUROPA

### 3.3 AS REPERCUSIÓNS POLÍTICAS DOS TRATADOS

- Cara 1920, Europa formada por 28 estados, todos (agás dous) con **democracias parlamentarias**, e na maioría implantouse o **sufrexio universal masculino**.





## 4. AS CONSECUENCIAS DA GUERRA

A IGM afectou a moitos aspectos da vida e das relacións mundiais. Ademais das perdas humanas e materiais: efectos na orde social, económica, cultural, na vida cotiá, costumes e valores.



© Museums Sheffield



# 4. AS CONSECUENCIAS DA GUERRA




## 4.1 CONSECUENCIAS DEMOGRÁFICAS

- Perdas en vidas humanas: sobre 9 millóns de mortos (Doc 17)
- Outros 9 millóns en feridos e mutilados
- Baixas civís indirectas
- **Gripe de 1918** (gripe española): morte de 6 millóns de europeos, e de 22 millóns en todo o mundo
- [As cifras](#)

### El impacto de la Primera Guerra Mundial en Europa

Nº de muertes sobre la población total antes de la guerra (\*)



\* Incluye muerte de civiles y de personal militar. Causa directa (acción militar, crímenes de guerra) e indirecta (hambunas, enfermedades excluyendo la fiebre española).

Fuentes: Investigación Statista, Wikipedia








«No puedo creer que se haya evaporado completamente aquella ternura que llenaba de inquietud nuestra sangre, aquella incertidumbre, aquel encantamiento, aquella ansia de futuro, los mil rostros del porvenir, la melodía de los sueños y de los libros, el deseo y el presentimiento de la mujer... No es posible que todo se haya hundido definitivamente en los bombardeos, en la desesperación, en los burdeles para soldados». ('Sin Novedad en el Frente', Erich María Remarque).

[Sin novedad en el frente: Discurso final](#)



# 4. AS CONSECUENCIAS DA GUERRA



Lille, Francia



Lieja, Bélxica

## 4.2 CONSECUENCIAS ECONÓMICAS

- Importantes consecuencias, sobre todo nos países europeos que participaron no conflito, en todo o sistema produtivo.
- **Destrucións** nos medios de produción (industrias, agricultura) e nos transportes (ferrocarril, estradas). Especialmente grave nas zonas agrícolas e industriais do Norte de Francia e Italia, e as rexións occidentais de Rusia.

# 4. AS CONSECUENCIAS DA GUERRA

## 4.2 CONSECUENCIAS ECONÓMICAS

- Custos financeiros: máis intensos e xeralizados. Calcúlase que ascenderon a entre 260.000 e 380.000 millóns de dólares da época.
- Descenso da riqueza dos estados:
  - Francia máis do 30%
  - Alemaña preto do 25%
  - Reino Unido o 32%
  - Italia 26%

# 4. AS CONSECUCENCIAS DA GUERRA


## 4.2 CONSECUCENCIAS ECONÓMICAS

- Para financiar a guerra os gobernos incrementaron enormemente a súa **débeda pública** interna, e pediron **préstamos bancarios** ao exterior, sobre todo a Estados Unidos, ao que os aliados deberon 12.000 millón de dólares.
- Como consecuencia, o endebedamento xeral dos países europeos foi altísimo (sobre 225.000 millóns de dólares)




# 4. AS CONSECUENCIAS DA GUERRA

## LOS COSTES ECONÓMICOS DE LA GUERRA



# 4. AS CONSECUCENCIAS DA GUERRA



## 4.2 CONSECUCENCIAS ECONÓMICAS

- Por todo isto, a Gran Guerra significou a **definitiva perda da hexemonía europea** na economía mundial en beneficio de EEUU e Xapón.
- **EEUU converteuse na primeira potencia económica do planeta:** case duplicou a súa produción industrial e o seu produto nacional bruto. O dólar substituíu á libra esterlina como principal moeda internacional, e a bolsa de Nova York conseguiu o liderado mundial.
- **Xapón** (aliado da Entente): notable expansión industrial e comercial. Desenvolvemento da frota, incremento das exportacións e mercados (Pacífico, SE asiático e China), e ocupou as colonias alemás no Pacífico.

# 4. AS CONSECUCENCIAS DA GUERRA

## 4.3 CONSECUCENCIAS SOCIAIS

- Consecuencias desiguais segundo os grupos sociais: **oposición entre os “novos ricos” e os “novos pobres”**.
  - **“Novos ricos”**: banqueiros, comerciantes e propietarios que amasaron fortunas grazas á demanda da guerra.
  - **“Novos pobres”**: clases medias, campesiños e asalariados que sufriron o aumento dos presos, o descenso da capacidade adquisitiva e o paro.
- **Deterioro do nivel de vida**: aumenta o descontento e as tensións sociais entre obreiros e clases medias.



## 4. AS CONSEQUENCIAS DA GUERRA



## 4. AS CONSECUCENCIAS DA GUERRA



### 4.3 CONSECUCENCIAS SOCIAIS

- Durante a guerra as mulleres ocuparon postos de traballo reservados aos homes. Ao final da guerra, o **35% da man de obra industrial en Reino Unido e Alemaña eran mulleres.**
- Esta masiva presenza laboral das mulleres foi un importante impulso para que, concluído o conflito, se retomase a **loita organizada para a emancipación feminina.** A discriminación da muller estendíase a todas as esferas da vida.
- O logro máis importante da posguerra foi o recoñecemento do dereito ao voto.

# 5. A SOCIEDADE DE NACIONÓNS E OS PROBLEMAS DA POSGUERRA

Creouse a Sociedade de Nacións para normalizar as relación internacionais.

Pero o camiño para unha paz duradeira viuse desde o principio sometido a fortes tensións.

Breve etapa de distensión entre 1924 e 1929





# 5. A SOCIEDADE DE NACIONÓNS E OS PROBLEMAS DA POSGUERRA

## 5.1 A SOCIEDADE DE NACIONÓNS


- Organización internacional, fundada ao final da I GM, por iniciativa do presidente Wilson.
- Obxectivos:
  - Asegurar o mantemento da paz
  - Seguridade colectiva
  - Desarmamento
  - Cooperación económica e cultural entre os Estados do mundo.
- Sede: Xenebra (Suíza)



# 5. A SOCIEDADE DE NACIÓNS E OS PROBLEMAS DA POSGUERRA

## 5.1 A SOCIEDADE DE NACIÓNS

- Órganos reitores (4):
  - **Asemblea Xeral**: todos os Estados membros
  - **Consello**: formado polas catro potencias vencedoras (Reino Unido, Francia, Italia e Xapón) de forma permanente, e catro (máis tarde 6) non permanentes, elixidos pola Asemblea cada 3 anos.
  - **Secretaría**: órgano administrativo
  - **Tribunal Permanente de Xustiza Internacional**, con sede na Haia



## 5. A SOCIEDADE DE NACIONES E OS PROBLEMAS DA POSGUERRA

### 5.1 A SOCIEDADE DE NACIONES

- Compromiso dos membros: esgotar todos os procedementos para solucionar de forma pacífica os conflitos e evitar a guerra.
- Sancións para os Estados que incumprisen o pacto, incluso podían ser excluídos da SDN (en caso de infracción grave).





# 5. A SOCIEDADE DE NACIONES E OS PROBLEMAS DA POSGUERRA

## 5.1 A SOCIEDADE DE NACIONES

- Problemas da SDN: Organización fráxil:
  - Difícil levar á práctica os seus obxectivos sen un exército ou capacidade executiva para forzar o cumprimento das súas resolucións.
  - Non se permitiu a adhesión dos vencidos nin da Rusia soviética, co que unha serie de países con gran peso internacional quedaron fóra da organización.
  - EEUU non participou: inicia unha política internacional isolacionista despois de que o seu Senado non ratificase o Tratado de Versalles.



REAR VIEW.  
—Get in the Chicago Tribune.

# 5. A SOCIEDADE DE NACIONES E OS PROBLEMAS DA POSGUERRA

## 5.1 A SOCIEDADE DE NACIONES

- Aspectos positivos da SDN:
  - Establécese unha diplomacia multilateral
  - Prohibición dos tratados secretos
  - Establecemento de organismos de carácter humanitario e de cooperación internacional (OIT, OMS...) que seguen vixentes.



## 5. A SOCIEDADE DE NACIONES E OS PROBLEMAS DA POSGUERRA

### 5.2 OS PROBLEMAS DA POSGUERRA EN EUROPA

- **1919-1924: período moi inestable** para Europa (grandes tensións internacionais)
- **Cuestión das nacionalidades** nos antigos Imperios alemán e austrohúngaro:
  - Divididos en oito novos estados, algúns deles non eran etnicamente homoxéneos.
  - Os resultados dos tratados de paz non satisfan a todos: moitos problemas políticos e fronteirizos.






## 5. A SOCIEDADE DE NACIONES E OS PROBLEMAS DA POSGUERRA

### 5.2 OS PROBLEMAS DA POSGUERRA EN EUROPA


- Cláusulas do Tratado de Versalles: enfrontan a Alemaña e Francia.
  - Principal problema: **reparacións de guerra**. Conferencia de Londres (1921): 132.000 millóns de marcos-ouro.
  - **1922**: o goberno alemán pide unha moratoria de pago. O goberno francés obstínase en que Alemaña “debe pagar”: **ocupación da conca industrial do Ruhr en 1923**.
  - **Afundimento da economía alemá**.







## 5. A SOCIEDADE DE NAÇÕES E OS PROBLEMAS DA POSGUERRA



### 5.2 OS PROBLEMAS DA POSGUERRA EN EUROPA

- A partir de 1924: distensión, intento de resolver o problema alemán.
  - Plan Dawes (1924): solución ao problema das reparacións. Francia cede e abandona o Ruhr.  
[Wikipedia Plan Dawes](#)
  - Conferencia de Locarno (1925): Sistema de garantías mutuas entre Alemaña, Reino Unido, Francia, Bélxica e Italia: compromiso a respectar as fronteiras occidentais de Alemaña e desmilitarizar Renania. Novo estilo nas relacións internacionais con base no diálogo.
  - Admisión de Alemaña na SDN (1926). Pero revisionismo alemán (Alemaña non recoñece as fronteiras orientais establecidas nos tratados de paz)

## 5. A SOCIEDADE DE NACIONES E OS PROBLEMAS DA POSGUERRA

### 5.2 OS PROBLEMAS DA POSGUERRA EN EUROPA


- Pacto Briand-Kellogg (1928): condena a guerra como forma de resolución de conflictos. Pero é unha mera declaración de renuncia á guerra e compromiso para resolver os conflitos recurriendo á SDN, pero non impón ningunha obriga efectiva aos países firmantes.



## 5. A SOCIEDADE DE NACIONES E OS PROBLEMAS DA POSGUERRA

### 5.2 OS PROBLEMAS DA POSGUERRA NAS COLONIAS

- **Espertar dunha conciencia nacional nas colonias:** grazas á guerra e ao principio wilsoniano do dereito aos pobos a decidir o seu destino.
- Francia e Reino Unido, os grandes imperios, non aplican este principio nin ás súas colonias nin ás alemás en África (reparto e mandatos).





# 5. A SOCIEDADE DE NACIONES E OS PROBLEMAS DA POSGUERRA

## 5.2 OS PROBLEMAS DA POSGUERRA NAS COLONIAS

### • Problema do Próximo Oriente:

- Británicos e franceses prométenlles aos árabes, a cambio de loitar contra os turcos, a formación dun gran reino árabe.
- Só se constitúe un reino na Península Arábiga.
- Reino Unido consolida os seus intereses na zona (importantes recursos petrolíferos).



## 5. A SOCIEDADE DE NACIONES E OS PROBLEMAS DA POSGUERRA

### 5.2 OS PROBLEMAS DA POSGUERRA NAS COLONIAS

- **Problema do Próximo Oriente:**
  - **Declaración Balfour (1917):** Oferta aos xudeus da creación dun “fogar nacional xudeu”, co que intentan lograr o apoio financeiro de EEUU (minoría xudía = importante grupo de presión: movemento sionista).
  - **Descontento dos árabes** por:
    - Decisión de británicos e franceses de repartir entre eles en segredo os territorios turcos de Próximo Oriente, baixo a forma de mandatos
    - Emigración de xudeus cara Palestina (desde Europa central e oriental sobre todo) para crear un estado (Israel).
    - **Grave problema para o futuro.**



## Acuerdos Sykes-Picot (1916)

- Zona exclusiva francesa
- Zona exclusiva británica
- Zona de control internacional
- A Zona de influencia francesa
- B Zona de influencia británica

**IRAQ** Nombre de Estado actual  
**Beirut** Capital de Estado actual  
 — Límite de Estado actual

0 300 km

